



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CORENTA E CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligerio Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3443.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 28/09/2010 E 13/10/2010.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación das actas anteriores das sesións ordinaria e extraordinaria realizadas o 28/09/2010 e 13/10/2010, núm. 442 e 443, as que quedan aprobadas por unanimidade.

3444.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3429.- SECRETARÍA, DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA POLA QUE SE MODIFICA A PERIODICIDADE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.- uniuse certificación do acordo ao expediente e remituse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia; 3430.- URBANISMO, RATIFICAR ACORDO NÚM. 8293 DO 02/08/2010 DE EXPOSICIÓN PÚBLICA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 3 DO PXOM DE MEIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e

remitiuse ao Concello de Meis; 3431.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE N° 20/2010 DE MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3432.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE N° 21/2010 DE MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E CAMBIO DE FINALIDADE DE INVESTIMENTOS PROXECTADOS E DE REMANENTES DE TESOURERÍA PARA GASTOS CON FINANCIACION AFECTADA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e trasladouse ao Departamento de Intervención; 3433.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE N° 22/2010 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3434.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO N° 1/ 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Departamento de Intervención para o pagamento; 3435.- APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO ECONÓMICO 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Departamento de Intervención para a realización dos trámites sucesivos do expediente; 3436.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE DEVOLUCIÓN DE PARTICIPACIÓN DE INGRESOS DO ESTADO, EN VIRTUDE DA LIQUIDACIÓN DO ANO 2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á FEGAMP e a FEMP; 3437.- MOCIÓN DO B.N.G. DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 29 DE SETEMBRO DE 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3438.- ALEGACIONES AO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xunto coas alegacións formuladas; 3439.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NÚM. 25/2010 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANCIAR GASTOS DE INVESTIMENTOS POR OPERACIÓN DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia; 3440.- INTERVENCIÓN, CONCERTACIÓN DUN CONTRATO DE PRÉSTAMO PARA A FINANCIACIÓN DA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA NÚM. 25/2010 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e cursáronse ás correspondentes invitacións ás entidades financeiras con sede no termo municipal e rematando o prazo de presentación de ofertas o vindeiro 29 de outubro; 3441.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN EXPEDIENTE E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REGULARÁN O CONTRATO PARA A EXPLOTACION QUIOSCO FINCA COSTA XIRÁLDEZ-LOURIDO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao Perfil do Contratante e ao Boletín Oficial da Provincia; 3442.- ACEPTACIÓN CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE POIO DA ESTRADA PROVINCIAL EP 0606-C550- CONVENTO-ARÍS-SARTAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Deputación Provincial de Pontevedra e ao Servizo de

Infraestruturas da Consellería de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.”

A Corporación dáse por enterada.

3445.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta á corporación das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros/as xunto cos demais asuntos que compoñen a orde do día.

3446.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado na sesión ordinaria realizada o 19 de outubro de 2010 e que di o que segue: “Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 11 de outubro de 2010 que, en virtude da elaboración dunha memoria económica co fin de actualizar o custo do servizo de axuda no fogar, dedúcese que procede modificar o custo do servizo a 10,53 euros/hora o que supón un incremento do 3,24% sobre o custo anterior que era de 10,20 euros/hora, e tamén do informe da Intervención Municipal de data 11 de outubro de 2010.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que coñecidos todos os gastos imputables ao servizo, tanto directos como indirectos, o importe total dos costes para o 2010 ascende, previsiblemente, a 82.915,87 euros e o total de ingresos previstos para dito servizo no 2010 ascende a 63.627,10 euros polo tanto o resultado é negativo por importe de 19.288,77 euros que tería que ser aportado polo Concello de Poio cos seus fondos propios.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes.”

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar actualizando o custo do servizo a 10,53 € hora, de conformidade co disposto no informe da Intervención Municipal de data 11 de outubro de 2010.

Segundo: Dispoñer a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e nun diario de maior difusión na provincia polo prazo de 30 días,

dentro de que os interesados poderán interpoñer as alegacións e reclamación que estimen oportunas, transcorrido dito prazo e de non presentarse alegación ningunha entenderase aprobada definitivamente.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3447.- INFORME CONXUNTO DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de outubro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do informe de Tesourería e Intervención de data 15 de outubro de 2010 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

A interventora municipal procede a explicar o contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010.

Explica o contido do seu informe manifestando que o apartado 1º trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable sin que se procedese ao recoñecemento das obrigas e a 2ª parte do informe trata sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes dáse por enterada do contido do informe conxunto emitido polo Tesoureiro Municipal e Interventora con data 15 de outubro de 2010 e acorda que se remita o devandito informe aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

3448.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN E REXISTRO DE ANIMAIS.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de outubro de 2010 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por

unanimidade de asistentes, dáse conta do contido da moción de data 17 de outubro de 2010, que tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo: " O Pleno do Concello insta ó Concello de Poio para que se dirixa ó goberno galego a fin de: Manter o actual sistema de identificación e rexistro de animais, que realizan os veterinarios indentificadores nas explotacións, tal que se garanta a rastrexabilidade dos animais nas explotacións e a trazabilidade das canles procedentes dos animais en aras de garantir a seguridade sanitaria dos animais así comam a seguridade alimentaria e a saúde pública e a confianza dos consumidores nas nosas produccions.". A Comisión dase por enterada e que pase ao Pleno."

O Sr. Domínguez Lino di que non están de acordo, na Comisión de Facenda tratouse e non é o mesmo que se vai debater agora xa que a moción presentouse despois polo Rexistro. Na comisión presentáronse tres papeis que non teñen nada que ver coa moción.

Neste momento entra a Sra.Nieto García.

O Sr. Agís Gómez, explica que desde a Consellería estase identificacando de forma virtual ou telefónica. Había uns profesionais que realizaban esta labor e facían un seguimento da trazabilidade e o que pedimos é que se continue co sistema anterior.

A Sra. Nieto García di que o sector estaba demandando a realización destes trámites a través da internet e as persoas que non teñen acceso a través de internet poder pedilo polo 112. Toda explotación está identificada, existen libros de rexistro que se levan á Xunta a revisar e incluso o traslado de animais hai que comunicado a través dunha guía e agora será por vía telemática que será máis rápido. Existe un libro de rexistro de animais donde consta o DIP do animal e a nai e está garantizando o seguimento dos animais.

O Sr. Agís Gómez di que a labor dos veterinarios era máis complexa cá que están a realizar agora e o sistema virtual fai desconectar a explotación da administración.

A Sra. Besada Lores pregunta quen é o responsable de dar a alta do animal.

A Sra. Nieto García responde que o titular da explotación ten que dalo de alta porque senón non pode facer nada con el. Para ir ao matadoiro ten que levar a guía do veterinario.

O Sr. Agís Gómez di que o seguimento o fai o propio gandeiro e nós non estamos de acordo.

O Sr. Barreiro Lubián di que non sabe se todo o mundo coñece que hai un mercado negro de gando, iso é a primeira consecuencia. Está ben presentar as declaracións pero ten que existir unha inspección.

A Sra. Besada Lores di que todos sabemos que isto pasa aínda habendo un control profesional e co teléfono haberá problemas como ocorre co teléfono de incendios.

A Sra. Nieto García di que isto soamente implica tramitar unha alta e ter unha guía e tes que levalos todas as semanas a selar.

Sometido a votación a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do Partido Popular e ningunha abstención, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar ao goberno galego para manter o actual sistema de identificación e rexistro de animais, que realizan os veterinarios identificadores nas explotacións, tal que se garanta a rastrexabilidade dos animais nas explotacións e trazabilidade das canles procedentes dos animais en aras de garantir a seguridade sanitaria dos animais así coma, a seguridade alimentaria e a saúde pública e a confianza dos consumidores nas nosas producións.

3449.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA EXIXIR O MANTEMENTO DO NOITEBÚS.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado explicando o Secretario da sesión que á Comisión de Cultura levouse unha moción asinada unícamene polo grupo municipal do BNG e despois asinouse unha moción conxunta polo BNG e PSOE, non variando a proposta de acordo que é a mesma.

A continuación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura na súa sesión de data 11 de outubro de 2010, no que por maioría acordou ditaminar favorablemente a aprobación da moción presentada para instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer, sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego.

Comeza a quenda de deliberacións a Sra. Díaz Iglesias e explica que coa moción o que se solicita do goberno galego

é o mantemento do servizo do Noitebús e o argumento da Xunta é reducir os custos e pensamos que non se debe reducir a seguridade da nosa mocidade.

A Sra. Fernández González intervéñe e di que a Xunta de Galicia di que o servizo está a funcionar ben, temos informes no que se reflite, e a nosa pregunta é porque o queren suprimir se funciona ben. A visita do Papa custa moito máis.

O Sr. Barreiro Lubián di que a situación económica tan tremenda, que temos agora, ven de atrás, que eu recorde o PP gobernou durante moito tempo. Parece que o problema é que non se reciben axudas no goberno central neste Concello non recibimos nin da Deputación, da Xunta nin do Central. Cremos que é un servizo que non se pode suprimir, non fagan os estudos a posteriori.

A Sra. Besada Lores di que o que non pode dar leccións é o PP sobre xuventude nin nada, nin preocupación polos cidadáns.

En Galicia se ven o Papa, que se gastan 3 millóns de euros pero que se manteña o noitebús, pero o que vai pasar é que se incrementen os sinistros.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que non van permitir que ninguén lles dé leccións de Noitebús, porque somos os que creamos o servizo.

O PP aposta por un transporte digno para estudar e facer actividades extraescolares. As empresas para facer o servizo queren cobrar e a Xunta ten que facer un plan de austeridade pola situación que se atopou. Este servizo nunca foi gratuito e desde a Consellería vaise estudar para ver aquelas liñas que se poden manter. Tamén é sorprendente que as liñas de axudas para hosteleiros que poder financiar este servizo e o máis curioso é que non as solicitan.

O Partido Popular, está disposto a introducir unha enmenda na proposta de moción, e así propón que se inste á Xunta de Galicia para procurar fórmulas que fagan posible o mantemento do noitebús, onde exista demanda real dos usuarios porque non se poden manter liñas sen usuarios. Hai servizos que non se pode pensar en custos senón nos resultados que se consigan.

A Sra. Díaz Iglesias di que no ano 2005 recolleuse nun decreto a posibilidade do servizo de transporte nocturno ata que o goberno de coalición o puxo en marcha.

No que respecta á subvención tamén se está a financiar a automoción o que non se poder medir en termos económicos é a seguridade da nosa mocidade.

O Sr. Moldes Martínez di que o único que fala de suprimir é o BNG e máis o PSOE.

O PP aposta por un transporte público conforme coa demanda real, insisto que o PP propón a emenda no sentido en que quedou exposta

Existen liñas con dous usuarios e as empresas solicitan un incremento da subvención e aínda pagando 2,5 €/usuario non saen rentables. O obxecto do servizo é que se utilice.

A Sra. Díaz Iglesias di que a Xunta non dotou partida ningunha para a subvención destas liñas o que significa que as suprime.

O Alcalde di que cando se fala de transporte público para poder melloralo, existe contradición cos vosos argumentos, porque se as frecuencias das liñas son escasas os usuarios non as usan pero si se incrementan seguro que mellora o uso das mesmas pero o incremento supón maior gasto.

Sometida a votación a emenda presentada "in voce" polo PP da adopción do seguinte acordo: "Instar á Xunta de Galicia para procurar fórmulas que fagan posible o mantemento do noitebús, onde exista demanda real dos usuarios porque non se poden manter liñas sen usuarios", obtense o seguinte resultado: Votos a favor: 7 do PP

Votos en contra: 10 (7 BNG e 3 PSOE).

Abstencións: 0

Sometida a votación a moción conxunta presentada polo BG e PSOE da adopción do seguinte acordo: "Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebús) sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego", obtense o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (7 BNG e 3 PSOE.)

Votos en contra: 7 PP.

Abstencións: 0

Á vista do resultado obtido a Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebús) sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego.

MOCIÓNS URXENTES.- Producense as seguintes:

3450.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E DO PSOE PARA DEMANDAR ATENCIÓN E SERVIZOS DE CALIDADE NA SANIDADE PÚBLICA.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (7 BNG E 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, en virtude do disposto no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación da moción subscrita polo BNG e PSOE en relación coa atención e servizos de calidade na sanidade pública na que tras unha ampla exposición de motivos solicitan do pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Demandar ao goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais de contratación de persoal, cubrindo en todo momento o 100% das ausencias por enfermidade, permisos e vacacións, que eviten a actual mingua da calidade asistencial.

Segundo: Exixir que, de forma inmediata, se doten dos recursos necesarios os centros de saúde do Concello para evitar listaxes de espera.

Terceiro: Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aquelas que non sexan necesarios, tal e como dispón a Lei xeral de sanidade.

Cuarto: Manter o Plan de Mellora de Atención Primaria, garantindo a adecuación dos tempos de consulta médica, a extensión dos coidados e plans de coidados de enfermería e dos servizos administrativos de atención ao usuario.

Quinto: Redución drástica das listaxes de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos.

Sexto: Paliar a carencia de recursos públicos socio-sanitarios da Área de Sanitaria actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

Sétimo: Manter os compromisos económicos establecidos coa nosa Área Sanitaria para desenvolver o Plan director de Infraestruturas Sanitaria 2008 2013 e o Plan de investimentos en alta tecnoloxía médica.

Oitavo: Financiar a construción e equipamento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público

100% a través do capítulo IV de orzamentos do servizo galego de saúde ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galiza (SPI).

Noveno: Apoiar cos medios dispoñíbeis as actuacións das organizacións de defensa da sanidade pública galega e local.

Décimo: Trasladar o presente acordo ao Presidente de Galiza, á Conselleira de Sanidade e ao conxunto da poboación, dándolle a máxima difusión posíbel cos medios dispoñíbeis no Concello.

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián di que situación da sanidade é algo parecido ao Noitebús cos recortes que se están dando. A sanidade é a parte máis sensible do estado de benestar e os recortes están afectando aos usuarios con deterioro dos servizos. A participación do capital privado é unha aberración e vai ocorrer que imos ter unha sanidade como co caso de Madrid ou como o que ocorreu en Valencia.

A Sra. Besada Lores di que estamos asistindo á descapitalización da sanidade que é un dos sistemas que máis preocupa porque tiñamos unha calidade bastante digna e nos últimos anos asistimos ao deterioro automático da sanidade.

Están desviando pacientes á privada e parécenos moi grave o que se está a facer e é triste ver este deterioro.

O Sr. Villaverde Méndez pregunta se co goberno do bipartito non se enviaba pacientes á privada.

A Sra. Besada Lores di que diminuíu moito o número de envíos. En Montecelo non están substituíndo as baixas e non dan atendido as chamadas debido á saturación por falta de persoal. Están destrozando a Sanidade Pública e queren facer un hospital privado cando se podía facer con capital público.

A Sra. Ligerio Iglesias di que os datos que facilidades están lexos da realidade, as listaxes de espera estanse reducindo e estase investindo en Anafáns. A privatización de servizos non vai influir na calidade asistencial. Os ratios de persoal estanse cumprindo.

O Sr. Martínez Blanco di que o da privatización é como un mercado e ao final van cobrar xuros. Con respecto aos médicos, por estar no mecanismo de ter que desplazarse 2 horas, 6 horas e vanse a traballar fóra e o

preocupante é porque se suprimen. Eu non digo que a Sanidade non era perfecta pero sempre é mellorable.

Hai datos de como están os usuarios en Madrid e na Comunidade Valenciana. O que imos é en camiño de como está nos Estados Unidos, o que non ten cartos non pode optar á sanidade.

A Sra. Senra Lorenzo solicita que se lle faciliten os datos dos últimos investimentos en Anafáns.

NESTE MOMENTO AUSÉNTASE DO SALÓN DE SESIONS O SR. PIÑEIRO MURILLO.

Sometida a votación a moción conxunta presentada polo BNG e polo PSOE, para demandar a atención e servizos de calidade da Sanidade Pública, por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e unha abstención esta quedou aprobada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Demandar ao goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais de contratación de persoal, cubrindo en todo momento o 100% das ausencias por enfermidade, permisos e vacacións, que eviten a actual mingua da calidade asistencial.

Segundo: Exixir que, de forma inmediata, se doten dos recursos necesarios os centros de saúde do Concello para evitar listaxes de espera.

Terceiro: Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aquelas que non sexan necesarios, tal e como dispón a Lei xeral de sanidade.

Cuarto: Manter o Plan de Mellora de Atención Primaria, garantindo a adecuación dos tempos de consulta médica, a extensión dos coidados e plans de coidados de enfermería e dos servizos administrativos de atención ao usuario.

Quinto: Redución drástica das listaxes de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos.

Sexto: Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da Área de Sanitaria actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

Sétimo: Manter os compromisos económicos establecidos coa nosa Área Sanitaria para desenvolver o Plan director de Infraestruturas Sanitaria 2008 2013 e o Plan de

investimentos en alta tecnoloxía médica.

Oitavo: Financiar a construción e equipamento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público 100%a través do capítulo IV de orzamentos do servizo galego de saúde ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galiza (SPI).

Noveno: Apoiar cos medios dispoñíbeis as actuacións das organizacións de defensa da sanidade pública galega e local.

Décimo: Trasladar o presente acordo ao Presidente de Galiza, á Conselleira de Sanidade e ao conxunto da poboación, dándolle a máxima difusión posíbel cos medios dispoñíbeis no Concello.

NESTE MOMENTO VOLVE O SALÓN DE SESIONS O SR. PIÑEIRO MURILLO.

3451.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE, ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2011.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (7 BNG E 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, en virtude do disposto no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación da moción suscrita polos voceiros/as do BNG e PSOE, en relación aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2011, no que tras unha exposición de motivos remata solicitando á adopción dos seguintes acordos: "Solicitar que nos orzamentos da Xunta para o ano 2011 se consignen créditos suficientes para acometer os seguintes proxectos:

1º.- Posta en funcionamento dunha depuradora de augas residuais que permita a depuración do saneamento de Samieira e Raxó cun orzamento de 1400000 €.

2º.- Execución do proxecto de seguridade vial e urbanización dos tramos da P0308 pendentes de urbanizar cun orzamento de 1500000 €.

3º.- Dotar unha partida orzamentaria para o saneamento de San Martiño e Rial de 500000 €.

4º.- Consignar crédito para a posta en funcionamento do polígono industrial de Fragamoreira cun orzamento de 19 millóns de euros.

5º.- Engadir unha partida orzamentaria de 800000 € para

acometer a mellora de rede de auga en alta.

Remitir estes acordos aos tres grupos parlamentarios para que os orzamentos da xunta sexan emendados coas partidas antes citadas.

NESTE MOMENTO AUSENTASE DO SALÓN DE SESIÓNS A SRA.SENRA LORENZO, VOLVENDO OS POUÇOS INTRES DA SÚA SAÍDA

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián di que é evidente que a Poio tócanos unha cantidade, consignan un 20% do gasto do Polígono de Fragamoreira para expropiacións. En todo caso en Poio hai investimentos moi importantes. Levamos 20 anos esperando pola Depuradora de Raxó. Temos un convenio Saneamento San Martiño e Rial, pendente de asinar pero non vemos consignación por ningunha parte e votamos en falta investimentos tan importantes como son os de Portos de Galicia, rede de auga, seguridade vial da PO308... cremos que estes investimentos estaban en trámite e a Xunta de Galicia doulle carpetazo e a nos parécennos obras que se deberían iniciar o ano que ven e é importante velos nos orzamentos.

A Sra. Besada Lores di que o que se está a facer é unha discriminación. Había proxectos comprometidos co bipartito e van pasando os anos e vemos que están sin contemplar e debemos preguntar que pasa cos proxectos porque non nos serve que digan que hai falta de financiamento.

O Sr. Domínguez Lino di que é preocupante que non tivésemos diñeiro para visturíes e ao goberno anterior, que o fixo tan ben largáranos aos 4 anos.

Igual se confundiron en cantidades porque 19 millóns de € era o que tiño o Bipartito e executaron 4 millóns.

Igualmente para a depuradora de Raxó, había consignación e fomos incapaces de poñer os terreos e executouse cero.

Os orzamentos eran virtuais foi de 4.073.000 €. De xaneiro a outubro a Xunta está investindo 1,5 millóns de €.

Sobre o saneamento de San Martiño ten que aprobarse no Consello da Xunta, tranquilos que se aprobará e poranse as anualidades.

En catro anos vostedes executaron 4,6 millóns esa é a realidade.

O Sr. Barreiro Lubián di que se fala de que eran orzamentos virtuais, dixen que cando se consignan cantidades hai moitos variables para que se executen. O que non é lóxico é que se consignan 2 millóns de € para expropiacións de terreos cando costan 10 millóns de €, entón non se vai facer nada.

Os 19 millóns de € non se executaron porque no ano 2007 e 2008 no periodo de exposición a Deputación informou que os accesos non eran válidos e agora no 2010 a Deputación di que son válidos.

Vostedes fan o posible e imposible para evitar que neste Concello se executen investimentos. Non se executaron por esa razón estou seguro que esas ideas retorcidas se lle ocorreu o PP de Poio.

Sobre a disposición de terreos está equivocado, eu mesmo presentei á Xunta 4 terreos e incluso tiñamos un proxecto feito e ata agora o que nos contaron é que ese proxecto va i a misa. A nós non nos están requirindo os terreos, xa nolos requiriron e o proxecto está aquí no concello.

Sobre 1,5 millóns de €, seguro que son proxectos comprometidos e que seguro que non puideron pasar vostedes, porque desde que empezaron a gobernar nin un peso.

Estamos tranquilos quen debería estar intranquilo é o pobo de Poio. Por aquí pasaron muitos Concelleiros do PP e o que recordo todos quixeron e pediron investimentos para Poio é o que vostedes están facendo é un esperpento e as probas me remito, nin da Deputación nin da Xunta.

Para a estrada que vai da Lanzada non hai problema para gastar 10 millóns e aquí si.

Os terreos das depuradoras témolas conseguidas pero Augas de Galicia non nos requiriu nada.

Para asinar un convenio teno que aprobar o Consello da Xunta pero os cartos teñen que estar no orzamento.

A Sra. Besada Lores di que lle sorprende a intervención do Sr. Domínguez, non vou a explicar os motivos, dos parados pero desde que está o PP en Galicia tamén están subindo os parados. Porque non aplican vostedes a fórmula do PP onde gobernan para reducir o paro.

Efectivamente perdemos o goberno pero confío na intelixencia das persoas e moito me temo que os galegos lle teñen que pasar factura, non quero adelantarme pero penso iso.

Asistimos a uns proxectos que estaban redactados con autorizacións de Costas e que si é moi importante e chega o Sr. Campana e ten que refundir o proxecto, non sabemos como está nin nada.

Coa depuradora, outra parte do mesmo, déronse 4 ou 5 opcións e ningunha era válida. Digan que non queren facer nada porque non ten nome o que se está falando con Poio. Nin un so camión de formigón enviou a Deputación, isto nunc pasou, ao mellor ten que chamar Celeste para pedilo.

O Sr. Domínguez di que agradecer a importancia que se lle dá ao PP de Poio para que poida paralizar o investimento de Poio.

O Sr. Barreiro Lubián di que o Sr. Domínguez minte cando dixo que se están investindo en Poio 1,5 millóns por parte da Xunta.

Sometido a votación a moción presentada polo BNG e PSOE en relación cos investimentos de Poio consignados no Orzamento Xeral da Xunta de Galicia para o exercicio 2011 esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, adoptándose o seguinte acordo:

A) Solicitar que nos orzamentos da Xunta para o ano 2011 se consignen créditos suficientes para acometer os seguintes proxectos:

1º.- Posta en funcionamento dunha depuradora de augas residuais que permita a depuración do saneamento de Samieira e Raxó cun orzamento de 1400000 €.

2º.- Execución do proxecto de seguridade vial e urbanización dos tramos da PO308 pendentes de urbanizar cun orzamento de 1500000 €.

3º.- Dotar unha partida orzamentaria para o saneamento de San Martiño e Rial de 500000 €.

4º.- Consignar crédito para a posta en funcionamento do polígono industrial de Fragamoreira cun orzamento de 19 millóns de euros.

5º.- Engadir unha partida orzamentaria de 800000 € para acometer a mellora de rede de auga en alta.

B) Remitir estes acordos aos tres grupos parlamentarios para que os orzamentos da xunta sexan emendados coas partidas antes citadas.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

A Sra. Caldas Moreira di que hai un ano que morreu o noso compañeiro Miguel Anxo Pazos Barros e desde os distintos clubs e asociacións remitiuse un manifesto que di textualmente: "Co presente manifesto os clubs e asociacións que conformamos o tecido deportivo deste municipio, queremos lembrar a memoria de Miguel Anxo Pazos, a fin de conmemorar a súa persoa e os seu traballo a prol do deporte neste municipio. Sempre creu nas posibilidades dos nosos equipos e dos nosos clubs e nas súas inquedanzas e sobre todo sempre considerou que o deporte de Poio merecía estar nun lugar destacado, por iso defendeu os dereitos dos nosos

deportistas, dentro do ámbito deportivo provincial, autonómico e estatal.

Por todo o exposto neste día queremos loubar a súa lembranza dando lectura a este manifesto para que a súa labor esté presente en cada un de nós."

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e oito minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.